

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADITIVAS

### REÚNENSE

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Sonia Fernández Vilar, vicepresidenta da Asociación Érguete Prevención e Intervención en Condutas Aditivas (en diante, a Asociación), actuando no nome e representación da dita asociación en virtude do artigo 32 dos seus Estatutos. A Asociación está inscrita no Rexistro Central de asociacións o 06.03.2007, co número: 2007/010338 (SC),

A Asociación foi clasificada como de interese social por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de data 16.11.1999.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.**– De conformidade co previsto no Decreto 42/2024, de 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

**Segundo.**– O obxecto da Asociación é destinar e afectar o seu patrimonio á realización, sen ánimo de lucro de fins de interese xeral para a comunidade, encamiñados a inserción social de persoas con especial dificultade de integración na sociedade. En particular a entidade promove todas aquelas accións que respectando as disposicións legais existentes, fomenten a reeducación, a reinserción social dos colectivos marxinais dentro da Comunidade Autónoma.

**Terceiro.**– Esta Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten interese en impulsar aquelas alternativas á cadea que en determinadas condutas dan resultados máis eficaces e poden garantir unha mellor reinserción, así coma en levar a cabo accións a



nivel socioeducativo de cara a prevención de futuros ingresos en prisión, o abandono do mundo delitivo e o consumo de drogas.

Cuarto.- A Asociación está desenvolver dende o ano 2007 o Programa de Formación e Integración Social (PFIS). Este proxecto naceu como unha resposta directa a unha demanda técnica da Sección 5ª da Audiencia Provincial en Vigo e da Fiscalía, co obxecto de articular unha ferramenta de auxilio xudicial para delitos menores ou primeiros delitos, servindo como alternativa á prisión nas concesións de suspensión de condena.

O PFIS aplica metodoloxías de intervención de recoñecido éxito, validadas por estudos das Institucións Penitenciarias e centros universitarios:

- **Violencia de Xénero:** A través do taller REGENER@R e o programa PRIA-MA, alcázanse taxas de reincidencia de entre o 4,6% e o 6,8%, fronte ao 20% habitual sen tratamento.
- **Seguridade Vial:** O taller TASEVAL demostrou que os participantes reducen a súa probabilidade de reincidencia vial (12,36%) de xeito significativo en comparación con outros Traballo en Beneficio da Comunidade (14,44%).
- **Xustiza Restaurativa:** A implantación de Diálogos Restaurativos en centros como o CP A Lama e CP Teixeiro, favorece a asunción de responsabilidade e a reparación do dano, reducindo o interese en volver delinquir ata nun 72%.

A intervención permite detectar e atallar en estadios precoces as condutas que levan á exclusión, impedindo o seu agravamento. Isto non só mellora a seguridade cidadá e a convivencia en Galicia, senón que supón un aforro de custos públicos asociados aos procedementos xudiciais e ao internamento penitenciario.

O programa incide de xeito integral en persoas con suspensión de condena, en réxime de semiliberdade (3º grao e 100.2 do Real Decreto 190/1996 de 9 de febreiro polo que se aproba o Regulamento Penitenciario), menores con medidas xudiciais da Xunta e persoas con outro tipos de continxencia relacionadas co a comisión de delito.

Ao abeiro do exposto, esta Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar coa Asociación no Programa PFIS, pois é a través de programas de intervención socioeducativa como este, no que se intervén para analizar e restaurar as causas que levaron á persoa a adquirir condutas disruptivas, a forma de levar a cabo unha modificación de conduta e de hábitos de cara a unha inserción social satisfactoria.

Este departamento valora as actuacións desenvolvidas a través deste programa por canto se considera que é ao inicio da actitude delituosa, ou cando aparecen as primeiras manifestación a nivel condutual, cando a intervención pode ser máis efectiva.

En atención ao exposto non é posible promover a concorrência pública pola especificidade do programa a desenvolver.

**Quinto.-** A Asociación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación, para continuar coa colaboración na realización durante o ano 2026 do Programa de Formación e Integración Social (PFIS), destinado ao financiamento dos gastos necesarios para a consecución dos fins descritos no expoñendo cuarto deste convenio.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN

1. A Asociación, queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos de persoal necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

### TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aboará á Asociación a cantidade máxima de **CINCUENTA E TRES MIL EUROS (53.000,00€)** conforme ao orzamento recollido no Anexo I deste convenio, que supón o 100 % do orzamento do gasto e que se distribúen do seguinte xeito: TRINTA E SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E CINCO EUROS (36.625,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP: 2015 00089) e DEZASEIS MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS (16.375,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (CP: 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.



#### CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece que *"a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

- 1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos.*
- 2.- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e no seu caso a data de pagamento; no caso de que a subvención se outorgue conforme a un presuposto, indicaranse as desviacións producidas.*
  - b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.*
  - c) Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.*
  - d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.*
  - e) Unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*
  - f) Os tres presupostos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei de subvencións de Galicia debера solicitar o beneficiario.*
  - g) No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.*

O persoa representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades



subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2026.

#### **QUINTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS**

Logo da sinatura do convenio, realizarase un pago anticipado polo importe do 80% da subvención concedida, segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O anticipo deberá ser solicitado pola asociación beneficiaria xunto coa seguinte documentación.

- Solicitud de pagamento anticipado.

- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2009, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a asociación está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para realización destes pagamentos anticipados, a Asociación está exonerada de constitución da correspondente garantía, en virtude do establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **SEXTA.- Devolución voluntaria da subvención**

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a entidade beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que corresponda, segundo o disposto na normativa reguladora do



procedemento de recadación, e o importe incluírá os intereses de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A entidade beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

### **SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

### **OITAVA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO**

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou persoas nas que deleguen e dous representantes da Asociación, ou persoas nas que deleguen. A Comisión estará presidida pola persoa representante da Secretaría Xeral Técnica de maior xerarquía, que terá voto de calidade. A outra persoa representante da Secretaría Xeral Técnica ostentará a Secretaría da Comisión.

A comisión mixta deberá reunirse cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

### **NOVENA.- PUBLICIDADE**

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

### **DÉCIMA.- RESOLUCIÓN**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda
- c) Por acordo unánime de todas as persoas asinantes
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes esixirá o reintegro das cantidades achegadas e o xuro de demora correspondente, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA**

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2026, sen prexuízo da previsión contida na cláusula cuarta.



**DÉCIMO CUARTA.- NORMATIVA APLICABLE**

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase electronicamente na data que figura á marxe.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deporte

A vicepresidenta da Asociación Érguete  
Prevención e Intervención en Condutas  
Aditivas

Diego Calvo Pouso

Sonia Fernández Vilar



**ANEXO I**

<b><u>TEMPORALIZACIÓN DA ACCIÓN</u></b>	
DATA DE INICIO	01/01/2026
DATA FINALIZACIÓN	31/12/2026
<b><u>ORZAMENTO DO GASTO</u></b>	
GASTOS DE PERSOAL	- RETRIBUCIÓNS ÍNTEGRAS E CUOTAS A SEGURIDADE SOCIAL: 52.000,00€
GASTOS CORRENTES	- GASTOS CORRENTES: 1.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>53.000,00 €</b>

